



## CONCELLO DE BURELA

### BANDO

#### **BANDO INFORMATIVO SOBRE O CRIBADO VOLUNTARIO QUE SE VAI REALIZAR POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (SERGAS) PARA A PREVENCIÓN DO SARS-CoV-2 NO ÁMBITO DO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE BURELA**

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BURELA FAI SABER:

**PRIMEIRO.-** Que a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, e o organismo autónomo, SERGAS, veulle a trasladar a esta Administración local – nomeadamente, á persoa titular da Alcaldía -, que dado que os principais indicadores epidemiolóxicos advirten da alta probabilidade de que se produza un novo abrocho do virus SARS-CoV-2, no ámbito do termo municipal do Concello de Burela, resulta preciso adoptar medidas de control da transmisión deste que permitan conter o seu espallamento e reverter a tendencia ascendente dos contaxios e da xente afectada pola enfermidade infecciosa do COVID-19.

**SEGUNDO.** Por tales motivos e para acadar as ditas finalidades, desde a dita Administración autonómica, planificouse a realización dun **cribado voluntario no centro ou lugar que designe o SERGAS ao efecto, sobre aquel sector da poboación que desenvolve a súa actividade laboral, profesional ou de voluntariado de cara ao público usuario dos servizos públicos, privados ou do terceiro sector prestados no dito termo municipal do Concello de Burela, e que desexe inscribirse en dita acción preventiva** que será realizada a partires do próximo xoves, día 25 de marzo de 2021.

**TERCEIRO.** En consecuencia, o Concello de Burela, en orde a cumprir co seu deber de colaboración para coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, e o SERGAS, estima oportuno informar sobre os seguintes extremos relativos ao desenvolvemento do devandito cribado:

- **PERSOAS DESTINATARIAS:** persoas que desenvolven a súa actividade laboral, profesional ou de voluntariado de cara o público usuario dos servizos públicos ou privados, e do terceiro sector prestados no ámbito territorial do termo municipal Concello de Burela (persoal empregado ou profesional do sector público entre cuxas funcións estea a de atención ao público, así como o dos sectores relativos ao comercio retalista, á hostalería, restauración e/ou hospedaxe, aos supermercados, ás tendas de alimentación, ao transporte público ou privado de viaxeiros, ao asistencial, e calquera outro sector análogo).
- **LUGAR DO CRIBADO:** no centro ou lugar que designe o SERGAS, do que se informará cumpridamente ás persoas inscritas.
- **DATA DO CRIBADO:** a partires do xoves, 25 de marzo de 2021.
- **INSCRICIÓN:** entre as 08:00 e 14:00 horas, no núm. de teléfono **608 555 300**.
- **DATA LÍMITE PARA A INSCRICIÓN:** ata as 14:00 horas do mércores, 24 de marzo de 2021.

**Concello de Burela**

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945





**CUARTO.** As persoas que voluntariamente desexen inscribirse na dita acción preventiva relativa ao cribado, deberán facilitar a seguinte información:

- Nome e apelidos.
- Número de DNI ou NIE.
- Teléfono de contacto.
- Sector no que desenvolve a súa activade laboral, profesional ou de voluntariado.

En todo caso, cómpre informar que o tratamento dos datos persoais facilitados polas persoas que voluntariamente se inscriban na acción preventiva relativa ao cribado, será realizado polo Concello de Burela e o SERGAS, por estritas razóns de interese público no ámbito da saúde pública, e consonte o disposto no vixente Regulamento (UE) 2016/689 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e libre circulación destes datos (Regulamento xeneral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Sen prexuízo do anterior, as ditas persoas poderán exercer en todo momento o seu dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, consonte o disposto na dita normativa reguladora do tratamento de datos persoais

**ALFREDO LLANO GARCÍA**  
**ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BURELA**

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

---

**Concello de Burela**

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 9LT7Y53AYCT4TK7KPLA9AGGFJ | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2